



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE PRAZAS DE RESIDENCIA E COMEDOR NA ESCOLA OFICIAL NÁUTICO PESQUEIRA DE FERROL (PERÍODO EXTRAORDINARIO) CONFORME Á ORDE DO 15 DE XULLO DE 2024, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA O ACCESO ÁS PRAZAS DE RESIDENCIA E DE COMEDOR NOS CENTROS RESIDENCIAIS DESTA CONSELLERÍA, E SE CONVOCA A OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO ACADÉMICO 2024/2025.

O día 16 de xullo de 2024 publicouse a Orde do 15 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso ás prazas de residencia e de comedor nos centros residenciais desta consellería, e se convoca a oferta de prazas para o curso académico 2024/25 (DOG núm. 137, do 16 de xullo de 2024).

Conforme aos artigos 15 e 16 desta orde, o día 10 de setembro de 2024 reuniuse a comisión de valoración para examinar as solicitudes presentadas e elaborar unha relación provisional de admitidos/as, suplentes e excluídos/as das prazas de residencia e comedor no período extraordinario.

Dado que o número de persoas solicitantes de praza en réxime de pensión completa e xantar diario é inferior ao número de prazas ofertadas, procederase de acordo co previsto no artigo 14.1 da orde e as prazas serán adxudicadas a todas as persoas solicitantes que cumpran os requisitos establecidos.

Tendo en conta a proposta da comisión de valoración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,

RESOLVE:

En cumprimento do punto 2, do artigo 16 da Orde do 15 de xullo de 2024, facer pública a relación provisional de persoas admitidas (Anexo I) das prazas de residencia e comedor no período extraordinario na Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol. Esta resolución publicarase na páxina web da Consellería do Mar (<https://mar.xunta.gal/gl/formacion/centros-de-ensino>) e no taboleiro de anuncios da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol.

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán formular reclamación ante a propia comisión no prazo de 10 días hábiles seguintes ao da súa publicación. As reclamacións serán dirixidas ao presidente da mencionada comisión.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña

(Asinado dixitalmente)





Anexo I

Relación provisional de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa. Período extraordinario. Curso 2024/2025

Nº	NOME	DNI
1	ARES BERMÚDEZ, JOSÉ ANTONIO	***9907**
2	DIOS MOLEDO, DIEGO	***1467**
3	MOSQUERA SANZ, MATEO	***4873**
4	RODRÍGUEZ FIGUEROA, DAMIÁN	***6091**
5	DE LA IGLESIA VIDAL, LUCAS	***2548**

Relación provisional de persoas adxudicatarias de prazas de comedor. Período extraordinario. Curso 2024/2025

Nº	NOME	DNI
1	PASCUAL DEL RIQUELME BELLO, MAURO	***3400**

